

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 06/04/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D<sup>a</sup> María del Carmen García Pérez.  
D. Fernando Márquez Hermida.  
D. Plácido López Loureiro.  
D. Hipólito Díaz Silva.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.  
Secretario:  
D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día seis de abril de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de marzo do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

**SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.**

Dase conta de dúas resolucións da Alcaldía, de data do 16/03/15, polas que se modifican as denominacións de dous dos investimentos cuxa inclusión no PAI 2015 da Deputación Provincial foi acordada polo Pleno, a solicitude da Deputación, de xeito que o investimento inicialmente denominado "Casa da Xuventude" agora chamarase "Centro de servizos á formación e ao coñecemento", e o investimento antes identificado como "Centro municipal de empresas" pasará a denominarse "Mellora do edificio de usos múltiples: promoción empresarial e emprego". As modificacións unicamente afectan á denominación dos investimentos, sen cambios nos seus respectivos proxectos aprobados polo Pleno, na sesión do 13/02/15.

A Corporación queda enterada e conforme cos referidos cambios de denominación.

Dase conta seguidamente doutra Resolución, do 31/03/15, pola que se solicita da Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos

sociais comunitarios de titularidade municipal para o presente ano 2015, en aplicación do establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. O importe da transferencia solicitada é de 209.270,77 euros.

Sometida a votación ordinaria a ratificación do contido desta Resolución, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda a súa ratificación.

### TERCEIRO. ACORDOS RELATIVOS AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "IMPLANTACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FUTBOL DE SAN SADURNIÑO.

Dase conta polo Sr. Soto de que unha vez aprobado pola Alcaldía o proxecto para esta obra e asinado coa Deputación o convenio par a súa financiación, procede adoptar os acordos necesarios para aprobar o expediente de contratación e iniciar os trámites necesarios para a adxudicación e inicio das obras, que teñen un prazo de execución de tres meses e un periodo de garantía dun ano. Trátase dunha contratación cuxo importe supera o 10% dos recursos ordinarios do Concello, polo que os acordos relativos á mesma son de competencia do Pleno.

O Sr. Márquez amosa a súa conformidade co proxecto. O Sr. López Loureiro interven brevemente para solicitar, se fose posible, que na execución da obra se rectifiquen algúns detalles relativos ás medidas totais do campo e á separación do céspede respecto da tribuna e a cantina.

O Sr. Alcalde resposta que o proxecto non se poderá modificar, pero os axustes posibles na execución da obra realizaranse contando coa opinión dos sectores interesados, especialmente do ámbito dos clubs locais de futbol, e que se designará como director da obra a un enxeñeiro moi especializado e prestixioso, polo que se considera que a execución realizarase coa maior corrección posible.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros acorda:

1º.- Aprobar o proxecto redactado polo enxeñeiro Igor Vergara Otero para a execución da obra de "Implantación de céspede artificial no campo de futbol de San Sadurniño", instalación deportiva de titularidade municipal, segundo consta na certificación de Secretaría que obra no expediente. Este proxecto ten un presuposto base de licitación de 340.224,41 euros.

2º.- Aprobar o expediente incoado para a contratación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, da execución da obra de "Implantación de céspede artificial no campo de futbol de San Sadurniño", especificando que o prego de cláusulas administrativas particulares para esta contratación será o prego-tipo aprobado pola Deputación con data do 25/05/12, e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 103, do 01/06/12, coa salvidade de que, para garantir unha adxudicación máis centrada nos aspectos técnicos, a valoración da oferta económica contida no Anexo IV do referido prego-tipo reducirase ata os 5 puntos.

Apróbase tamén, como parte do prego que rexirá a presente contratación, un anexo técnico referido ás características e calidade do céspede que se instalará, por recomendación do enxeñeiro autor do proxecto.

3º.- Aprobar o cadro de características do contrato correspondente á obra de que se trata, que se considera a tódolos efectos como parte integrante do prego de condicións, igual que o proxecto dese investimento, aprobado polo Pleno deste Concello na referida sesión do 03/11/12.

4º.- Especificar, ós efectos do establecido na cláusula 12.2.2 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, que non serán obxecto de valoración as propostas de redución de prazos de execución das obras a contratar.

5º.- Facultar ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, tan amplamente como sexa preciso, para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos necesarios para a plena efectividade do presente acordo, das que se dará conta ó Pleno, que acordará a adxudicación do correspondente contrato.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,